

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22 DE AGOSTO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00039455H.

[Aprobación de Acta de sesión anterior.]

Apróbase a acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 12 de agosto de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00029429C.

[Licenza para a parcelación na finca sita na Rúa As Casas do Rego, 12.]

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento redactado polo arquitecto técnico Ramón Louzao Pérez presentado na data 03/06/2022, a parcelación na finca sita na Rúa As Casas do Rego, 12 Santiago de Compostela (A Coruña) en dúas parcelas.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00012096Y.

[Aceptar cesión de viario e licenza para a construción de vivenda unifamiliar en LG Piñeiro Santa María de Vilvestro.]

Acéptase a cesión de viario e concédese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme proxecto básico presentado o 11/03/2022 e o proxecto de execución de data de visado do 06/04/2022 redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Equerra, cun orzamento de execución material de 120.261,80 €, a construción dunha vivenda unifamiliar situada no Lg. Piñeiro, Santa María de Vilvestro.

4. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Relación contable de facturas S/2022/109 correspondente á realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca nos meses de febreiro, marzo e abril de 2022.

[Proposta da concelleira delegada de políticas sociais e saúde relativa á convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.” da cantidade de 35.392,50 euros pola realización de servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca nos meses de febreiro, marzo e abril do ano 2022 (relación contable de facturas S/2022/109).]

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca correspondente aos meses de febreiro, marzo e abril de 2022, por importe de 35.392,50 euros.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de trinta e cinco mil trescentos noventa e dous con cincuenta céntimos (35.392,50) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”.

3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

5. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2022/00037981Q.

Aprobación do proxecto básico e de execución da “Conexión á rede de saneamento e acabados interiores dos vestiarios de Lamas de Abade”.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto básico e de execución de data 03/06/2022 da obra de “Conexión á rede de saneamento e acabados interiores dos vestiarios de Lamas de Abade”, redactado polo arquitecto D. Alfredo Varela Nogueira, e que ten as seguintes características:

- Orzamento das obras: 39.950,01 € + 8.389,50 € de IVE (21%) = 48.339,51 €.
- Prazo de execución: 30 días.
- Clasificación do contratista: non se esixe. Clasificacións supletorias indistintas e non simultáneas aos efectos de acreditar a solvencia técnica e económica (grupo / subgrupo / categoría): E-1-1 ou C-4-1 ou C-6-1.

Segundo. Remitir o proxecto básico e de execución á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia ao obxecto de obter a correspondente autorización sectorial para a execución das obras.

6. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2022/00038117Z.

Aprobación proxecto construtivo “Acondicionamento do aparcamento de servizo do parque Eugenio Granell”.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 04/07/2022 da obra de “Acondicionamento do aparcamento de servizo do parque Eugenio Granell”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. Pablo González Ferreiro, e que ten as seguintes características:

- Orzamento das obras: 108.840,47 € + 22.856,50 € de IVE (21%) = 131.696,97 €.
- Prazo de execución: 2 meses.
- Clasificación do contratista: non se esixe. Clasificación supletoria aos efectos de acreditar a solvencia técnica e económica: grupo G / subgrupo 6 / categoría 1.

Segundo. Con carácter previo á licitación das obras presentar ante Augas de Galicia a declaración responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00034378R.

Devolución fianza “Servizo de mantemento avanzado da aplicación informática de xestión contable e orzamentaria SICALWIN subministrada por Aytos Soluciones Informáticas, S.L.U. (BERGUER LEVRAULT) do Concello de Santiago de Compostela”. CON/35/2018.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS S.L.U. por importe de 1.048,55 euros para responder do contrato de “Servizo de mantemento avanzado da aplicación informática de xestión contable e orzamentaria SICALWIN”.

8. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00018250L.

Dación de contas da Alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2022

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela que ten como obxecto subvencionar a realización das accións “Dirección executiva da Axenda Urbana de Santiago de Compostela, dentro do PEAL” e “Xestión do Comité Socioeconómico” de acordo cos obxectivos plantexados no marco do programa Compostela Móvese 2022.

9. EMPREGO. Referencia: 2022/00039443Y.

Aceptación da concesión de subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para a posta en marcha do proxecto de obradoiro dual de emprego “INNOBOSQUE”.

Acórdase:

Primeiro.- A aceptación da subvención da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do

Emprego e Igualdade da Coruña, para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego “INNOBOSQUE” segundo Resolución de 29 de xullo de 2022, por un importe de cincocentos tres mil novecentos oitenta e sete euros (503.987,00 euros) e 30.000,00 euros para incentivos á contratación.

Segundo.- Que a aportación do Concello de Santiago en concepto de cofinanciación, por importe total de 63.763,72 €, se satisfará do seguinte xeito:

- Anualidade 2022, contía de 10.000,00 €, con cargo a partida 010.24102.22606 do Orzamento Municipal vixente.

- Anualidade 2023, contía de 53.763,72 euros (con cargo ao capítulo 2, 50.000,00 € na partida 010 24102 2260600, e 3.763,72 € con cargo ao capítulo 1 na partida 030 24102 1310000, para sufragar os custos de indemnización por fin de contrato do persoal docente e directivo), quedando condicionada á consignación de crédito adecuada e suficiente nas correspondentes aplicacións de gasto do orzamento municipal do exercicio 2023.

Terceiro.- Que a aprobación do gasto quedará supeditada á habilitación de crédito mediante a correspondente modificación orzamentaria, en base ao compromiso de ingreso da subvención, por importe total de 503.987,00 euros para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego “INNOBOSQUE”, e 30.000,00 euros para incentivos á contratación.

Cuarto.- Comunicar este acordo á Intervención Municipal.

10. **ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00039455H**

[Dar conta das Resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas.]

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas de datas 5 a 18 de agosto de 2022.

URXENCIAS

1.- SERVIZOS SOCIAIS. Elaboración, xestión de convocatoria e concesión de subvencións

[Aprobación da resolución definitiva da convocatoria para a concesión de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do concello de Santiago de Compostela. ano 2022]

Apróbase a concesión de 43 axudas por un importe total de 15.000 euros.

En cumprimento do previsto nas bases da convocatoria, dito acordo pon fin á vía administrativa e publicarase no taboleiro de edictos do Concello, da Concellaría de Políticas Sociais e Saúde e na páxina web do Concello (www.santiagodecompostela.gal) para os efectos de reclamacións e concederase un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á data da publicación, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións ou os documentos que consideren convenientes.

A dita publicación substituirá á notificación individual, nos termos que establecen os artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.